



Concello de Cangas

**ACORDO DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN
AO PRIMEIRO EXERCICIO PARA A SELECCIÓN MEDIANTE OPOSICIÓN DUN
AUXILIAR ADMINISTRATIVO COMO FUNCIONARIO INTERINO E LISTA DE
AGARDA**

Reunido o Tribunal en data 20 de novembro de 2018 ós efectos de resolver as reclamacións das preguntas tipo test realizadas e realizada unha nova baremación, o Tribunal adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: Estimar as reclamacións efectuadas ás preguntas 33 e 21 quedando ambas anuladas, desestimando as restantes atendendo os seguintes motivos:

***Pregunta 33:** Deben estimarse as reclamacións presentadas e anular a pregunta dada a existencia de diferentes textos en galego e castelán que da lugar a que a resposta correcta varíe en función do idioma no que se atope redactada a pregunta.*

***Pregunta 21:** Deben estimarse as reclamacións presentadas e anular a pregunta dado que analizada no seu conxunta a pregunta resulta ambigua e as respostas válidas, de xeito indubitado, poden ser máis dunha.*

***Pregunta 34:** Desestímase a reclamación xa que a reposta correcta C e a única opción posible e viable de conformidade co disposto no artigo 167 do RDL 2/2004.*

***Pregunta 17:** Desestímase a reclamación xa que das posibles respostas a única opción correcta resulta ser a B.*

***Pregunta 2:** Desestímase a reclamación xa que a imprecisión observada no texto da pregunta non desvirtúa a clara determinación da resposta correcta.*

***Pregunta 28:** Desestímase xa que a pregunta non especifica o carácter urbanístico das ordenanzas de xeito resulta indubitado que se está a referir as maiorías necesarias con carácter xeral.*

***Erro no cómputo das respostas correctas e en branco:** Desestímase a reclamación presentada xa que na plantilla orixinal que xenera a puntuación a casilla da resposta obxecto de reclamación atópase en branco.*

SEGUNDO: Aprobar a relación definitiva de aspirantes que superaron o primeiro exercicio de conformidade ca baremación realizada o 28 de novembro de 2018 unha vez eliminadas as preguntas 33 e 21 do exame tipo test (ANEXO 1).

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

TERCEIRO: Convocar aos aspirantes que superaron o primeiro exercicio as 16 horas do día 11 de xaneiro de 2019 no IES de Rodeira (aula de informática) para a celebración, en dúas quendas, do segundo exercicio.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850